

Decide o teu futuro

Ciberseguridade e IA, entre a oferta do IES San Clemente

O centro compostelán combina ciclos superiores de informática, cursos de especialización e formación a distancia para persoas adultas

Redacción

A especialización converteuse nun dos grandes valores engadidos da Formación Profesional vinculada ás novas tecnoloxías. Así o defende o director do IES San Clemente, Víctor Lourido, que destaca a importancia dos cursos de especialización para un alumnado que cada vez se incorpora a un mercado laboral máis esixente e cunha demanda crecente de perfís tecnolóxicos altamente cualificados.

«O alumnado que remata un ciclo e continúa cun curso de especialización conta cun punto moi importante ao seu favor», explica Lourido: «Moitas empresas xa están buscando profesionais con formación especializada».

O centro compostelán está especializado na familia profesional de Informática e Comunicacions, unha área

que concentra toda a súa oferta presencial de Formación Profesional. Para o próximo curso impartirá os ciclos superiores de Administración de Sistemas Informáticos en Rede (ASIR), con grupos de mañá e tarde; Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma (DAM); e o ciclo plurilingüe de Desenvolvemento de Aplicacións Web (DAW). A esta oferta súmase o máster de Ciberseguridade en contornos das tecnoloxías da información,

O director do instituto destaca a importancia da especialización nun mercado laboral cada vez máis esixente

un dos estudos que espertan maior interese entre o alumnado.

Precisamente a ciberseguridade figura entre os ámbitos con máis demanda. Segundo explica o director, tanto a modalidade presencial como a distancia rexistran un elevado interese. O mesmo sucede cos estudos relacionados coa intelixencia artificial, un sector en plena expansión que este ano gaña protagonismo na oferta do centro.

«Este ano o Ministerio creou a familia profesional de Intelixencia Artificial e Data e nós comezamos a ofertar un dos seus cursos de especialización», destaca Lourido.

Entre os cursos de especialización a distancia figuran tamén os de Intelixencia Artificial e Big Data, Desenvolvemento de videoxogos e realidade virtual, Desenvolvemento de aplicacións en linguaxe Python, ademais de dúas incorporacións para o próximo



Alumnado de informática.

curso: Despregamento de produtos de software en contedores e Aprendizaxe automática: xestión de datos e adestramento.

Xunto á Formación Profesional, o San Clemente mantén unha importante aposta pola educación a distancia para persoas adultas. O centro oferta tanto a Educación Secundaria para Persoas Adultas (ESPA) como o

Bacharelato para persoas adultas, unha vía que permite continuar a formación a quen non dispón da titulación necesaria para acceder a determinados estudos. «O alumnado que non pode entrar nun ciclo porque lle falta a titulación ten a posibilidade de completar a ESO ou o Bacharelato a distancia e continuar despois o seu itinerario formativo», conclúe Lourido. ■



IES San Clemente

O teu centro!




Oferta educativa 2026-2027



Ciclos de Formación Profesional Informática e Comunicacions

Todos os ciclos presenciais son plurilingües

Grao medio:

- Sistemas Microinformáticos e Redes (presencial e a distancia)

Grao superior:

- Administración de Sistemas Informáticos en Rede (presencial de mañá, de tarde, e a distancia)
- Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma (presencial e a distancia)
- Desenvolvemento de Aplicacións Web (presencial e a distancia)

Cursos de especialización:

- Ciberseguridade en contornos das tecnoloxías da información (presencial e a distancia)
- Intelixencia artificial e big data (distancia)
- Desenvolvemento de videoxogos e realidade virtual (distancia)
- Desenvolvemento de aplicacións en linguaxe Python (distancia)
- Nova** Aprendizaxe automática: xestión de datos e adestramento (distancia)
- Nova** Despregamento de produtos software en contedores (distancia)



Educación para persoas adultas a distancia

Educación secundaria obrigatoria para persoas adultas
Bacharelato para persoas adultas. Modalidades de:

- Ciencias e tecnoloxía
- Humanidades e ciencias sociais
- Artes plásticas
- Xeral



Matrícula aberta en setembro

<https://matricula.iessanclemente.net>



Outras ensinanzas:

- Aula Mentor





Solicitudes do 15 ao 30 de xuño

<https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission/>



<https://www.iessanclemente.net>

Decide o teu futuro

Trato próximo no IES Marco do Camballón

O centro de Vila de Cruces ofrece prazas para Soldadura e caldeiraría e Atención a persoas en situación de dependencia

Redacción

O IES Marco do Camballón, en Vila de Cruces, encara o próximo curso cunha oferta de FP pequena, pero moi vinculada ás necesidades laborais da comarca. O centro imparte dous ciclos medios: Soldadura e caldeiraría, con 22 prazas, e Atención a persoas en situación de dependencia, con 25 prazas.

A vicedirectora do centro, Paula Martínez, destaca que se trata de dúas titulacións con elevada empregabilidade e tamén con posibilidades de continuidade formativa.

No caso de Soldadura e caldeiraría, a conexión co tecido produtivo da comarca é directa. Martínez explica que as empresas da zona contactan co centro para solicitar alumnado formado. O ciclo conta cunha traxectoria asentada e unha boa consideración no ámbito laboral, o que reforza o papel do instituto como referente formativo na zona.

A outra titulación, Atención a persoas en situación de de-



CEDIDA

Aula do ciclo de Soldadura e caldeiraría no IES Marco do Camballón.

pendencia, ofrece tamén unha elevada empregabilidade, especialmente en residencias, centros asistenciais e servizos vinculados ao coidado de persoas maiores ou dependentes. Este ciclo funciona, ademais, como unha vía de acceso cara a estudos superiores.

Un dos puntos fortes do Marco do Camballón é o seu tamaño. O centro ten arredor

de 200 estudantes entre ESO, Bacharelato e FP, o que lle permite ofrecer unha atención máis próxima. «É un centro pequeno e iso permite dedicarlle máis tempo ao alumnado», subliña Martínez. Esa atención individualizada é unha das bazas que o IES quiere poñer en valor, especialmente nunha etapa na que non sempre se cobren as prazas dispoñibles. ■

Un Bacharelato máis flexible nas Fontiñas

Oferta os ciclos Proxectos de Edificación e Proxectos de Obra Civil que contan cunha empregabilidade do 100%

Redacción

Nun momento no que moitos estudantes dúbidan entre diferentes itinerarios académicos e profesionais, o IES As Fontiñas reivindica dúas das súas ofertas máis singulares para o próximo curso: o Bacharelato Xeral —é o único centro público de Santiago que o imparte— e ciclos formativos cunha empregabilidade próxima ao 100%.

A directora do instituto, Chus Prieto, considera que o Bacharelato Xeral segue a ser un gran descoñecido a pesar das súas vantaxes. «En realidade, é a opción máis flexible para o alumnado», resume, xa que permite configurar un itinerario máis personalizado que as modalidades tradicionais.

Segundo explica Prieto, o Bacharelato Xeral está especialmente pensado para estudantes que aínda non teñen definido o seu futuro académico ou profesional, para aqueles que contemplan cursar un ciclo superior antes de acceder á universidade ou para



CEDIDA

Fachada do IES As Fontiñas, de Santiago.

quen quiere combinar materias de diferentes ámbitos.

Outra das fortalezas do centro é a súa oferta de FP, na que destaca a familia de Edificación e Obra Civil, onde se imparten os ciclos superiores de Proxectos de Edificación e Proxectos de Obra Civil. Trátase de estudos que, malia a súa inserción laboral do 100%, continúan sendo pouco coñecidos.

As Fontiñas conta ademais cunha singularidade pouco habitual: é o único centro de España co ciclo superior de Proxectos de Edificación na modalidade a distancia. Esta opción permite que alumnado de diferentes puntos do país curse estes estudos sen ter que desprazarse, apoiado nunha metodoloxía que o centro leva anos perfeccionando. ■

TÉCNICO/A EN ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

SAÍDAS PROFESIONAIS

- Coidador/a de persoas en situación de dependencia en diferentes institucións e/ou domicilios
- Gobernante/a e subgobernante/a de persoas en situación de dependencia en institucións
- Auxiliar responsable de planta de residencias de maiores e persoas con discapacidade
- Auxiliar de axuda a domicilio
- Auxiliar de educación especial
- Traballador/a familiar
- Aistente/a persoal
- Asistente de atención domiciliar
- Teleoperador/a de teleasistencia

MÁIS INFORMACIÓN:

886 151 731

Rúada Camballón, 24
36590-ViladeCruces

www.edu.xunta.gal/centros/iesmarcocamballon



IES MARCO DO CAMBALLÓN

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

TÉCNICO/A EN SOLDADURA E CALDEIRARÍA

SAÍDAS PROFESIONAIS

- Soldador/a e oxicortador/a
- Operador/a de proxección térmica
- Chapista e caldeireiro/a
- Montador/a de estruturas metálicas
- Carpinteiro/a metálico/a
- Tubeiro/a Industrial de industria pesada



Elixo o teu camiño e constrúe o teu futuro no IES AS FONTIÑAS estudando Bacharelato

○ **único centro de Santiago que oferta o Bacharelato Xeral, flexible e adaptado aos novos estudos universitarios.**

Máis información no 881 666 661 e en redes sociais:



Visita a nosa web para ver a oferta completa de materias nas tres modalidades de Bacharelato e ciclos de FP.

www.edu.xunta.gal/centros/iesasfontinas/

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

www.edu.xunta.gal/centros/iesasfontinas/

Decide o teu futuro

O IES Rosalía aposta pola especialización

Concentra a súa oferta na Formación Profesional de Grao Superior e reivindica o fío directo co mercado laboral

Redacción

O IES Plurilingüe Rosalía de Castro, en Santiago, afronta o proceso de admisión para o próximo curso cunha proposta singular dentro da Formación Profesional galega. A diferenza doutros centros, a súa oferta está integrada exclusivamente por Ciclos Formativos de Grao Superior, unha especialización que lle permite centrarse na formación de perfís altamente cualificados e demandados polas empresas.

A coordinadora de ciclos, Esther Buide, destaca que a FP vive un momento de gran prestixio social e que moitos estudantes chegan ao centro atraídos polas posibilidades reais de inserción laboral. «A formación profesional xa non é



O alumnado participa nas actividades que organiza o centro.

unha segunda opción; cada vez máis alumnado a escolle como primeira alternativa porque ve que ten unha conexión directa co emprego», explica.

O centro conta con catro titulacións repartidas en tres familias profesionais: Actividades Físicas e Deportivas, Hostalaría e Turismo e Servizos Socioculturais e á Comunidade.

Así, o instituto ofrece o ciclo superior de Ensinanza e animación sociodeportiva; os de Axencias de viaxes e xestión de eventos e Guía, información e asistencia turística; e o de Animación sociocultural e turística, este último en modalidade presencial e a distancia. Cada ciclo conta con 30 prazas, ás que se suman 50 a distancia. ■

A FP con máis futuro laboral, no Politécnico

O CIFP refórzase con nova formación dual intensiva e propostas para incorporarse axiña ao mundo do traballo

Redacción

O CIFP Politécnico de Santiago abrirá o próximo curso cunha oferta ampla e claramente orientada á empregabilidade. O centro integrado, que dirixe Nicolás Espasandín, ofrecerá 24 titulacións en distintas familias profesionais, réximes e modalidades, desde grao básico ata ciclos superiores, cursos de especialización e formacións aceleradas.

Entre toda esa oferta, Espasandín quere poñer o foco en tres propostas. A primeira é o ciclo superior de Xestión da auga, que o centro comezou a impartir o pasado curso tras adaptar a súa formación ás necesidades das empresas. Conta con 12 prazas en modalidade dual intensiva, con cinco meses no



Alumno do ciclo superior de Xestión da auga no Politécnico.

centro e catro na empresa, xa con prácticas remuneradas desde o primeiro curso.

Outra das apostas será a formación de Automatización e robótica industrial combinada con módulos de Mecatrónica industrial, unha vía de alta especialización en dual intensiva con empresas como Finsa. O perfil, subliña Espasandín, é útil

para «calquera industria que teña unha liña automatizada ou unha planta de produción».

A terceira liña destacada é a formación acelerada de Montaxe de instalacións de tubaxe e construción de carpintería metálica, vinculada ao ciclo de Soldadura e caldeiraría, que permite obter un certificado profesional habilitante para traballar. ■

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR (PRESENCIAL):

- Animación sociocultural e turística
- Axencias de viaxes e xestión de eventos
- Ensinanza e animación sociodeportiva
- Guía, información e asistencia turísticas

CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR (A DISTANCIA):

- Animación sociocultural e turística



Instituto Rosalía de Castro

IES Plurilingüe Rosalía de Castro
Rúa San Clemente s/n
15705 Santiago de Compostela (A Coruña)
Tel. 881866556
ies.rosalia.castro@edu.xunta.gal
www.iesrosalia.gal

EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA PERSOAS ADULTAS (PRESENCIAL):

- Módulo III e IV



CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO

Curso 2026-2027

Centro de Excelencia da Formación Profesional

Avda. de Rosalía de Castro, 133, 15706 Santiago
T. 881 867 601 | cifp.politecnico.santiago@edu.xunta.gal
www.politecnicodesantiago.es

- 24 titulacións de Formación Profesional
- Todos os réximes (Xeral, Intensivo, Probas Libres)
- Todas as ofertas (Ordinaria, Modular, Acelerada, Alta especialización)
- Todas as modalidades (Ordinaria, Modular, Acelerada)

- Máster, Grao Superior, Grao Medio, Grao Básico

- Formación de calidade, actualizada e adaptada á realidade
- Garantía de inserción laboral
- Garantía de futuro






